



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE FORCAREI PARA ESCAVACIÓN E CONSOLIDACIÓN ARQUEOLÓXICA DA NEVEIRA 1 DE FIXÓ, NA PARROQUIA DE MILLERADA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co concello de Forcarei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 30 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Forcarei para a realización das actuacións encamiñadas á posta en valor da Neveira 1 de Fixó, na parroquia de Millerada, que incluírá as seguintes actuacións:

- Limpeza e acondicionamento da parcela e retirada da varanda provisional
- Replanteo da área de actuación
- Escavación e movementos de terras
- Consolidación arqueolóxica e acondicionamento da zona de actuación e contorna do xacemento.

Durante o ano 2016 o conxunto das Neveiras de Fixó foi obxecto dunha primeira fase de actuacións destinadas á súa rendabilización cultural e posta en valor como recurso turístico, a través dun convenio de colaboración asinado coa Axencia Turismo de Galicia con data 12.08.2016.

Os traballos consistiron na escavación da Neveira 2 e a súa musealización, así como a escavación parcial da Neveira 1, que quedou inconclusa por mor do espectacular rexistro arqueolóxico atopado.





Coa finalidade de dar continuidade e concluír o proxecto de posta en valor das Neveiras de Fixó coa creación dun complexo histórico referido á fabricación de xeo, como recurso turístico de primeira orde, as partes mostran interese en colaborar nas actuacións para o descubrimento total da Neveira I, de xeito que se saque á luz a estrutura orixinal desta importante e vistosa construción, culminando o proceso de posta en valor do conxunto etnográfico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.





Cuarto. A través deste convenio, outórgase ao Concello de Forcarei unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

